ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU08005

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas Cumprindo con Europa: a contratación pública de hoxe

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	11
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2008
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O Estado español acaba de aprobar a Lei de Contratos do Sector Público, norma coa que quere dar cumpro – aínda sexa con retraso – aos mandatos europeos.
Europa adoptou no 2004 un paquete de medidas lexislativas que simplificaban e modernizaban a contratación pública europea e que pretendía abrir o Mercado Único, garantindo a competencia entre empresas, un mellor uso do diñeiro público, e a mellora da calidade dos servizos prestados. O 31 de xaneiro do 2006 vencía o prazo para que os Estados Membros adaptasen as súas lexislacións aos mandatos das novas Directivas europeas en materia de contratos públicos, pero son moitos os Estados que o fixeron con retraso.

As novas Directivas, e con elas a nova lei española, perseguen principalmente dous obxectivos: simplificar e clarificar o sistema lexislativo existente ata a data e – segundo – adaptalo as novas necesidades públicas nun contexto económico cambiante como consecuencia da liberalización das telecomunicacións, ou a transición a unha nova economía. Co fin de asegurar a transparencia dos procedementos de adxudicación e combater os ataques ao medio, as políticas antisociais, e a corrupción e o crime organizado, a nova lexislación europea incluíu tamén medidas deseñadas para clarificar os criterios de selección de licitadores. Inclúen ademais as pautas para avanzar en Europa cara a unha contratación electrónica que substitúa á do método clásico ou pretendendo así orientar a contratación administrativa tradicional cara á contratación electrónica.

O obxectivo principal destas xornadas é presentar e explicar as Directivas sobre contratación pública dun xeito claro e accesible, e analizar a nova Lei de Contratos do Sector Publico do Estado á luz destas Directivas e da Xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas. Trataremos a importancia da contratación pública en Europa, a evolución do dereito comunitario, a súa transposición en España por medio da recentemente aprobada nova Lei de Contratos do Sector Público e os cambios que todo iso esta implicando para os xestores públicos de todos os ámbitos. Ofreceremos aos participantes dende unha óptica eminentemente práctica os aspectos máis relevantes da nova lexislación e a súa posta en práctica na primeira década do Século XXI.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Xunta de Galicia, da Administración local galega e interesados en xeral.

PROGRAMA

- A importancia da contratación pública en Europa
- Principais novidades da nova Lei de Contratos do Sector Público: análise á luz do dereito comunitario
- El elemento subxectivo e obxectivo na contratación:
- Os suxeitos contratantes na nova Lei; alcance do concepto do poder adxudicador
- Depuración conceptual dos tipos de contratos
- Problemática práctica que formula o cumprimento das Directivas Comunitarias: análise crítico dalgunhas novidades destacables da Lei de Contratos del Sector Público
- O procedemento de selección e os criterios de adxudicación

- A Directiva de recursos ¿cara a un axeitado sistema de garantías?
- O marco normativo da contratación pública electrónica: situación actual. A experiencia en Galicia
- A firma electrónica: unha lección para escépticos
- E-contratación: As experiencias de Galicia e o País Vasco
- O futuro: as Directivas comunitarias en preparación. A súa incidencia na lexislación española
- Mesa redonda da práctica diaria da contratación: ¿Cumprimos con Europa?

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Aforo do local

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO		
LOCALIDADE: santiago		**INICIO / FIN:** 26/03/2008 a 27/03/2008
NUM. PRAZAS: 200	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		